GALICIADIGITAL
25 ANOS 2000 2025 O PORTAL DE GALICIA PARA O MUNDO

# Alento (3)

Xosé Otero Canto, 6 de novembro de 2026

https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.40971.php

O gaiteiro de Xoán Vila, alcumado ALENTO, pode deixarnos sen alento ao velo como emerxe do chan, como se fose unha creación da terra, como se unha planta saíse do humus ancestral e medrase entre as rúas semellando un castiñeiro centenario convertido en gaiteiro apertando o fol, hierático, frontal, grandioso, tan só os seus ollos estraños nos están falando porque o resto é embeleso da gaita comungando coa música, absorto a todo o que pasa ao seu lado, completamente concentrado e illado nos seus adentros, entregado á súa tarefa cos sentidos suspendidos diante do extraordinario da súa música como se as notas o observasen nunha abstracción cósmica e lendaria de acenos medievais e figurativos de gaiteiro labrego coa súa pucha moura que se redondea na rotonda incerta e imaxinativa da Praza da Horta do Seminario.